

**INFORME CLIMATOLÓGICO
MES DE ABRIL DE 2019**



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES.....	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA.....	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	7
5	TEMPERATURA.....	11
5.1.	Temperatura media das máximas.....	11
5.2.	Temperatura media das mínimas.	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.....	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2019.....	17
6	PRECIPITACIÓN	19
6.1.	Precipitación acumulada mensual abril 2019	19
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	20
6.3.	Días de chuvia en abril de 2019	21
6.4.	Evolución da precipitación en abril de 2019	23
7	VENTO	24
8	RADIACIÓN SOLAR	28
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	28
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal	29
9	RAIOS.....	30

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 10/05/2019



Mes moi chuvioso e con gran variabilidade nas temperaturas.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
≤ mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
≥ máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
≤ mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
≥ máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.



2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de abril foi moi cambiante, aínda que cun predominio das baixas presións, o que explica que as chuvias acumuladas estivesen moi por riba do agardado. Sen embargo, os períodos de anticiclón, aínda que máis escasos, viñeron con temperaturas elevadas, polo que a temperatura media non se afasta moito da agardada en abril.

O mes comezaba cunha situación moi indefinida, coas altas presións debilitándose progresivamente, dando paso a un período moi frío e inestable que comezou o día 2

Entre o 2 e o 7, Galicia estivo na influencia dunha baixa activa e moi fría procedente do Atlántico norte, que deixou 6 xornadas consecutivas de chuvascos intermitentes e temperaturas por debaixo do agardado nesa época do ano, con neve mesmo por debaixo dos 1000 metros, dando lugar a avisos no interior da Comunidade.

Os días 8 e 9 Galicia sufriu a chegada dunha nova borrasca, neste caso non tan fría como a anterior, pero con máis precipitación. As chuvias foron moi significativas na tarde-noite do día 8 e na madrugada do 9, acompañadas de fortes ventos do suroeste.

O día 10 foi de transición, xa que as altas presións foron entrando progresivamente, aportando estabilidade. Este período anticiclónico foi predominante ata o día 13, deixando 3 xornadas de tempo seco e ascenso de temperatura.

O día 14 a transición foi cara a unha situación de inestabilidade, que se fixo moi patente na xornada do 15, con chuvias xeneralizadas en toda Galicia e baixada importante das temperaturas.

O día 17 outra borrasca chegaba dende ao Atlántico, quedando no medio o 16 cunha situación máis tranquila.

Logo do paso da fronte na tarde do 17, o día 18 volveron as altas presións, pero aínda quedaba aire frío nas capas medias e altas da atmosfera, polo que durante a tarde se rexistraban algúns fenómenos tormentosos.



Esa zona de aire frío foi desprazándose na xornada do 19 cara ao sur e leste da península, polo que a situación foi máis estable, aínda que con ventos do leste e nubes medias e altas. Nos días 20, 21 e 22 seguiron predominando as altas presións, pero o máis destacado foron as altas temperaturas rexistradas, con valores que superaron con facilidade os 25°C en moitos puntos da Comunidade e mesmo puntualmente os 30°C.

Esta situación cambiou de xeito brusco o día 23 pola chegada dunha borrasca fría e moi activa que deixou 4 xornadas de precipitacións e baixada importante das temperaturas. A entrada de aire frío deixou novamente neve en cotas por debaixo dos 1000 metros con avisos por neve e sarabia en zonas baixas.

A situación comezou a estabilizarse o 26 pola tarde e nas xornadas do 27, 28 e 29 vivimos outro período anticiclónico con aire cálido e elevadas temperaturas, que comezou a perderse precisamente no derradeiro día do mes.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

No mapa de anomalías de presión en superficie (Figura 1) e tamén no mapa de 500 hPa (Figura 2), apréciase unha anomalía negativa que afecta principalmente ao noroeste da Península Ibérica. Isto explica o predominio das borrascas que afectaron a Galicia con moitos días de chuvias importantes e ademais debido a que se trata de masas de aire de orixe polar marítimo, a presenza de neve neste mes tan cambiante. Nestas situacións as temperaturas foron moi baixas, pero foron compensadas coas situacións anticiclónicas que deixaron rexistros de temperaturas excesivamente elevados.

Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Abril-2019.

Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Abril-2019.



4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



A CORUÑA

	ABRIL 2019 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	13.1/13.0	13.0	16.5 (2011)	10.0 (1986)
Tª mínima media	10.0/9.9	9.9	12.5 (2011)	7.0 (1986)
Tª mínima absoluta	6.2/5.8 (día 5)	2.0 (12/04/1951)		
Tª mínima máis alta	15.1/14.7 (día 14)	19.4 (07/04/2011)		
Tª máxima media	16.3/16.2	16.0	20.4 (2011)	12.6 (1986)
Tª máxima absoluta	23.4/22.5 (día 14)	31.6 (08/04/2011)		
Tª máxima máis baixa	12.0/11.0 (días 4/5)	8.6 (05/04/1968)		
Precipitación acumulada	106	63-83	232 (1998)	0 (1938)
Días de chuvia (≥1mm)	14	13	27 (1998)	0 (1938)

Comentario: Mes normal tendo en conta todas as temperaturas. A precipitación rexistrada foi superior ao rango de valores normais, resultando un mes húmido. Ademais, tamén o número de días de chuvia foi superior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2019 Temperatura: 1948-2019

SANTIAGO

	ABRIL 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	11.7	12.2	16.5 (2011)	8.3 (1986)
Tª mínima media	7.2	7.5	10.7 (2011)	4.0 (1986)
Tª mínima absoluta	2.5 (día 12)	-1.3 (13/04/1986)		
Tª mínima máis alta	13.0 (día 14)	15.4 (07/04/2011)		
Tª máxima media	16.2	16.9	22.3 (2011)	12.6 (1986)
Tª máxima absoluta	24.5 (día 28)	31.0 (07/04/2011)		
Tª máxima máis baixa	8.0 (día 4)	5.8 (03/04/1987)		
Precipitación acumulada	197	100-141	405 (1998)	28 (2017)
Días de chuvia (≥1mm)	13	15	28 (1998)	3 (2017)

Comentario: Mes frío para as máximas e as medias, mentres que tendo en conta a temperatura mínima o mes resultou normal.

A chuvia rexistrada foi superior ao rango de valores normais, resultando un mes húmido. Sen embargo, o número de días de chuvia foi inferior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2019. Temperatura: 1982-2019



LUGO

	ABRIL 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	10.7	10.6	14.8 (2011)	7.1 (1986)
Tª mínima media	4.9	5.2	8.3 (2011)	2.9 (1986)
Tª mínima absoluta	0.8 (día 7)	-3.7 (13/04/1986)		
Tª mínima máis alta	13.5 (día 14)	15.0 (03/04/1985)		
Tª máxima media	16.6	16.0	21.4 (2011)	11.3 (1986)
Tª máxima absoluta	25.5 (día 29)	31.7 (08/04/2011)		
Tª máxima máis baixa	8.6 (día 4)	5.0 (21/04/1995)		
Precipitación acumulada	140	62-73	322 (1998)	8 (1982)
Días de chuvia (≥1mm)	15	13	25 (1998)	4 (1982)

Comentario: Mes en xeral normal tendo en conta todas as temperaturas.

A chuvia rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais, o que fai que o mes poida cualificarse como moi húmido. Isto reflíctese no número de días de chuvia, superior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2019. Temperatura: 1981-2019

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	ABRIL 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	13.0	13.1	17.3 (2011)	10.0 (1986)
Tª mínima media	8.3	7.8	11.1 (2011)	4.6 (1986)
Tª mínima absoluta	2.7 (día 4)	-1.5 (06/04/1975)		
Tª mínima máis alta	14.8 (día 14)	14.7 (28/04/1997)		
Tª máxima media	17.7	18.4	23.5 (2011)	15.0 (1978)
Tª máxima absoluta	28.4 (día 20)	31.2 (06/04/2011)		
Tª máxima máis baixa	10.6 (día 4)	9.1 (03/04/1987)		
Precipitación acumulada	196	96-134	430 (2000)	16 (2017)
Días de chuvia (≥1mm)	14	14	28 (1998)	2 (2017)

Comentario: Este mes resultou normal na temperatura media, debido á compensación debido ás temperaturas máximas (mes frío) e as temperaturas mínimas (mes cálido). Destaca a temperatura mínima máis alta que acadou o valor máximo da serie histórica.

A precipitación rexistrada foi superior ao rango de valores normais, cualificándose o mes como húmido. O número de días de chuvia acadou o valor climático normal para esta variable.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2019. Temperatura: 1958-2019



OURENSE

	ABRIL 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	12.9	13.3	17.4 (2011)	9.3 (1986)
Tª mínima media	6.2	6.7	9.2 (1984)	3.2 (1973)
Tª mínima absoluta	0.1 (día 4)	-3.2 (06/04/1975)		
Tª mínima máis alta	13.6 (día 14)	14.8 (13/04/1988)		
Tª máxima media	19.5	19.8	25.6 (2011)	15.0 (1986)
Tª máxima absoluta	29.0 (día 29)	32.9 (07/04/1987)		
Tª máxima máis baixa	11.5 (día 5)	8.0 (03/04/1987)		
Precipitación acumulada	147	45-65	189 (2000)	12 (1982)
Días de chuvia (≥1mm)	14	11	25 (2000)	3 (2017)

Comentario: Mes normal tendo en conta as temperaturas máximas e medias, mentres que para as mínimas, o mes pode cualificarse como frío.

A chuvia rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais, considerándose o mes moi húmido. Isto reflíctese no número de días de chuvia, moi superior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1973-2019. Temperatura: 1972-2019



5 TEMPERATURA

As temperaturas tiveron oscilacións moi importantes durante o mes, con períodos moi fríos, principalmente ao principio (días 2 a 7) e ao final (días 23 a 26), pero tamén un par de situacións anticiclónicas con elevadas temperaturas que foron capaces de cancelar a anomalía negativa das baixas temperaturas dos períodos mencionados, para deixar unha media en xeral normal para esta época do ano.

5.1. Temperatura media das máximas.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de abril de 2019.



O valor medio das temperaturas máximas no mes de abril para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 15.1 °C. Os valores máis altos rexistráronse principalmente no Miño Ourensá chegando aos 20 °C. Por outra banda, os valores máis baixos déronse nas zonas máis altas da Comunidade onde apenas se superaron os 4.0 °C.

5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de abril para o territorio galego foi de 5.3 °C, sendo os valores máis baixos os rexistrados en Pena Trevinca e no Macizo de Manzaneda onde as temperaturas acadaron valores negativos, aproximándose aos -1.4 °C. Os valores máis altos déronse nas Rías de Vigo e Arousa, onde se superaron os 11.0 °C nalgunhas localidades.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de abril de 2019.



5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

Neste mes, pódese observar un gran contraste entre gran parte do Sur da Comunidade (con anomalías de ata $-1.2\text{ }^{\circ}\text{C}$) e o norte, principalmente, nas Rías altas, onde as anomalías foron de ata $+1.4\text{ }^{\circ}\text{C}$. A anomalía da temperatura media neste mes de abril, tendo en conta a media dos valores do mapa, foi de $-0.1\text{ }^{\circ}\text{C}$, o que se pode considerar un mes normal tendo en conta o conxunto de Galicia.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media ($^{\circ}\text{C}$) de abril respecto ao período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas (Táboa 1) déronse nas comarcas de Ferrol e Ortegal. As anomalías máis baixas neste mes déronse principalmente nas comarcas de Valdeorras e a Baixa Limia. (Táboa 2).

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Cedeira	A Coruña	1.1
Cambre	A Coruña	1.1
Cariño	A Coruña	1.0
Bergondo	A Coruña	0.8
Negueira de Muñiz	Lugo	0.8
Cerdido	A Coruña	0.8
Valdoviño	A Coruña	0.8
Carballo	A Coruña	0.7
Ortigueira	A Coruña	0.7
Gondomar	Pontevedra	0.7

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de abril de 2019.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Rubiá	Ourense	-0.9
Monforte de Lemos	Lugo	-0.8
Muños	Ourense	-0.8
Lobeira	Ourense	-0.8
Calvos de Randín	Ourense	-0.8
Lobios	Ourense	-0.8
Entrimo	Ourense	-0.8
Covelo	Pontevedra	-0.8
Verea	Ourense	-0.8
Bande	Ourense	-0.7

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de abril de 2019.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas en Galicia no mes de abril de 2019 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. Na xornada do 20, rexistráronse valores de temperatura por riba dos 25 °C en moitas localidades, por riba dos 1000m destacan tamén os últimos días do mes.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de abril de 2019				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
20/04/2019	A Granxa	PONTEAREAS	Pontevedra	30.2
30/04/2019	Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	29.9
20/04/2019	Areas	TUI	Pontevedra	29.6
20/04/2019	Pontevedra-Campolongo	PONTEVEDRA	Pontevedra	29.5
20/04/2019	Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	29.4
20/04/2019	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	29.4
30/04/2019	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	29.2
29/04/2019	Ourense	OURENSE	Ourense	29.0
20/04/2019	Meder	SALVATERRA DE MIÑO	Pontevedra	29.0
20/04/2019	Entenza	SALCEDA DE CASELAS	Pontevedra	28.8

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de abril de 2019 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de abril de 2019				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
29/04/2019	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	22.9
20/04/2019	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	22.5
20/04/2019	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	21.6
30/04/2019	Xurés	MUIÑOS	Ourense	21.5
28/04/2019	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	21.4
20/04/2019	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	21.2
20/04/2019	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	20.1
29/04/2019	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	19.3
29/04/2019	Ancares	CERVANTES	Lugo	19.3

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de abril de 2019 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de abril de 2019 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Neste caso, destacan as xornadas do 4 e o 5 para altitudes altas. Para altitudes por debaixo dos 1000m destacan os días 2 e 12.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de abril de 2019				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
04/04/2019	Xares	VEIGA (A)	Ourense	-6.0
05/04/2019	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-5.9
04/04/2019	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-5.6
04/04/2019	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-3.2
04/04/2019	Ancares	CERVANTES	Lugo	-3.1
03/04/2019	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-2.9
25/04/2019	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-2.7
05/04/2019	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	-2.6
04/04/2019	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	-2.6
04/04/2019	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	-2.1

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de abril de 2019 altitude superior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de abril de 2019				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
02/04/2019	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-5.4
12/04/2019	Baltar	BALTAR	Ourense	-2.4
02/04/2019	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	-1.8
12/04/2019	Coto Muiño	ZAS	A Coruña	-1.6
04/04/2019	Ríós	RIÓS	Ourense	-1.5
12/04/2019	Lanzós	VILALBA	Lugo	-1.4
12/04/2019	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	-1.4
06/04/2019	Alto do Rodicio	MACEDA	Ourense	-1.3
11/04/2019	Lanzós	VILALBA	Lugo	-1.3
04/04/2019	As Petarelas	RUBIÁ	Ourense	-1.2

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de abril de 2019 altitude inferior a 1000m.



5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2019.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2019 para esta serie foi 11.7 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2019 para abril.

A anomalía media da temperatura para este mes de abril en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de -0.1°C , o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como normal. O ano 2018 fora lixeiramente cálido, pero tamén moi preto da normalidade. En canto ás temperaturas máximas tamén resultaron normais (cunha anomalía de -0.19°C). Sen embargo, as mínimas resultaron lixeiramente frías (cunha anomalía de -0.23°C).




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en abril, respecto ó período 1981-2010.



6 PRECIPITACIÓN

As chuvias acumuladas durante o mes estiveron moi por riba dos valores climáticos. De feito, cos episodios chuviosos dos primeiros 10 días xa caera aproximadamente a cantidade normal de chuva, polo que a chegada das seguintes borrascas, algunha delas bastante activa, explica o exceso de chuva rexistrado neste mes.

Segundo os valores do mapa, a precipitación media acumulada é de 203 L/m². Os valores máis altos acadáronse no interior da provincia de Pontevedra, principalmente nas Serra do Suído e do Testeiro, pero tamén destaca o suroeste da Baixa Lima con valores que superaron os 400 L/m². Os valores máis baixos déronse na comarca de Valdeorras, nos concellos de Larouco, A Rúa e Petín, onde se rexistraron próximos aos 47 L/m².

6.1. Precipitación acumulada mensual abril 2019




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de abril de 2019.



6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de abril con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 68 % superior ao período de referencia 1981-2010. Na comarca de Valdeorras as porcentaxes de precipitación estiveron por debaixo do 31 % con respecto ao valor normal. Sen embargo, principalmente en gran parte do sur da provincia de Ourense, as porcentaxes foron de ata un 300 % por riba do normal, destacando Verín e a Baixa Limia.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de abril de 2019.

6.3. Días de chuvia en abril de 2019

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m^2) foi de 15.1. Os valores máis altos de número de días de chuvia déronse na Costa da Morte e nalgúns locais da comarca de Pontevedra, onde acadáronse valores próximos aos 18 días. Os días de chuvia máis baixos déronse no litoral da Mariña Oriental e na comarca de Santiago con valores próximos aos 11 días.




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m^2 durante o mes de abril de 2019.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de abril. Pódese observar que principalmente na provincia de Pontevedra houbo rexistros de precipitación mensual que superaron os 250 L/m². Nas xornadas do 7 ao 8 e as do 24 ao 26, acumuláronse os valores máis elevados de precipitación que superaron os 50 L/m².

Precipitacións acumuladas máximas en abril de 2019			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	389
O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	330
Muralla	LOUSAME	A Coruña	313
Xurés	MUIÑOS	Ourense	304
Labrada	ABADÍN	Lugo	298
Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	297
Pereira	FORCAREI	Pontevedra	293
Ponte Caldelas	PONTE CALDELAS	Pontevedra	291
Queimadelos	MONDARIZ	Pontevedra	291
Monte Aloia	TUI	Pontevedra	282

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de abril de 2019.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Labrada	ABADÍN	Lugo	63	25/04/2019 05:00
O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	61	24/04/2019 21:20
Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	57	24/04/2019 16:10
Xurés	MUIÑOS	Ourense	56	24/04/2019 15:50
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	56	07/04/2019 10:40
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	53	07/04/2019 10:50
Ponte Caldelas	PONTE CALDELAS	Pontevedra	50	07/04/2019 08:30
Corón	VILANOVA DE AROUSA	Pontevedra	49	06/04/2019 20:40
Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	48	06/04/2019 00:10
Lira	CARNOTA	A Coruña	48	22/04/2019 08:50

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de abril de 2019.

6.4. Evolución da precipitación en abril de 2019

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2019, para esta serie, foi 189 L/m².




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2019 para abril.

A anomalía media das precipitacións para este mes de abril en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi dun 72 % por riba do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como moi húmido, tendo en conta o conxunto da Comunidade, atopando o seu precedente máis húmido no ano 2008 cunha porcentaxe de precipitación lixeiramente superior.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en abril, respecto ó período 1981-2010.



7 VENTO





Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. As xornadas máis ventosas foron as do 24 e o 25. Ao contrario que nos meses anteriores, o predominio das borrascas bastante profundas fixo que a porcentaxe de calmas en xeral non fose moi elevada.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en abril				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
19/04/2019	Xares	VEIGA (A)	Ourense	134.0
24/04/2019	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	118.8
25/04/2019	Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	111.9
25/04/2019	Sálvora	RIBEIRA	A Coruña	110.1
25/04/2019	Coruña-Dique	CORUÑA (A)	A Coruña	109.7
25/04/2019	A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	108.4
17/04/2019	Courel	FOLGOSO DO COUREL	Lugo	100.1





Táboa 9: Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de abril.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	93.5	S	8		
		Día 25				
Pta. Candieira	Cedeira	115.1	O	9		
		Día 24				



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Malpica	Malpica	97.1	NO	4		
		Día 24				
Marco da Curra	Monfero	75.5	SO	5		
		Día 24				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de abril de 2019 na provincia de A Coruña.

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	90.9	SO	6		
		Día 25				
Ancares	Cervantes	98.9	S	4		
		Día 24				

Táboa 11: Resumo vento no mes de abril de 2019 na provincia de Lugo





PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	86.7	O	6		
		Día 24				
Rodicio	Maceda	74.6	SO	6		
		Día 24				
Gandarela	Celanova	64.4	NO	31		
		Día 24				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de abril de 2019 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	77.4	S	7		
		Día 24				



PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Ons	Bueu	93.3	NO	4		
		Día 6				

Táboa 14: Resumo do vento no mes de abril de 2019 na provincia de Pontevedra.



8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de abril de 2019.



8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou 751 raios neste mes de abril. Estes raios foron detectados principalmente na última xornada do mes, onde as abundantes nubes de evolución fixeron que se detectasen estes raios nalgunhas localidades (Figura 15).



Figura 15: Número de raios por día detectados en Galicia en abril de 2019.

A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias, como se pode ver, o mes de abril rematou ca maioría de raios rexistrados nas provincias de Pontevedra e A Coruña (Figura 16).

nº de raios detectados en abril de 2019 por provincias




Figura 16: Número de raios detectados por provincia en Galicia en abril de 2019.



Na figura 17, pódese ver o número total de raios rexistrados en abril en Galicia dende o ano 2010 ao 2019. Nesta gráfica pódese observar que este ano rexistrouse unha cantidade de raios similar a do ano 2016.




Figura 17: Número total de raios rexistrados en abril dende 2010 a 2019.

MeteoGalicia
Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
Xunta de Galicia



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2019 Mes: 4

Provincia Estación	T ^a °C				T ^a Máxima °C				T ^a Mínima °C				Precipitación l/m ²			BHC l/m ²	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m ²	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	hPa		Choiva	Xeada
A Coruña																												
A Gándara	9.5	13.09	19.8	21	6.8	2.5	5	214	27.6	23	144	84	97	64	41	163	1505	22	108	25	964	21	0					
Aldea Nova	11.0	15.38	21.7	20	7.8	3.8	5	158	22.4	5	77	82	98	62	43	174	1500	9	75	25	979	19	0					
Arzúa	10.1	15.79	25.0	28	5.1	-0.7	7	215	29.8	25	136	85	99	57	43	171	1552	7	62	25	969	16	1					
Camariñas	12.5	14.58	18.4	21	9.8	5.4	11	96	16.3	23	9	82	93	67	47	188	1634	20	77	24	1011	16	0					
Cariño	12.5	15.3	22.4	14	9.7	6.7	12	167	24.4	6	82	81	93	66	46	183	1601	14	93	25	1011	20	0					
Cespón	12.8	17.75	26.7	20	8.1	2.9	4	272	43.4	7	-	81	97	56	50	199	1652	8	64	25	1007	18	0					
CIS Ferrol	12.7	17.17	23.2	20	8.8	4.4	12	135	16.5	4	40	75	92	54	49	197	1631	11	81	25	1009	17	0					
Corrubedo	13.0	17.12	26.2	20	9.7	5.2	4	153	37.0	7	53	76	91	58	51	204	1744	15	91	25	1009	16	0					
Coruña-Dique	12.5	15.11	21.4	14	9.7	5.8	11	81	11.0	7	-	76	89	60	-	-	-	19	109	25	1010	16	0					
Coruña-Torre de Hércul	12.9	16.3	23.4	14	10.0	6.2	5	105	14.6	7	-	74	87	58	-	-	-	-	-	-	-	-	16	0				
*Costa	11.7	16.83	25.6	20	7.3	2.0	7	240	31.6	4	-	86	98	64	-	-	-	5	43	25	992	19	0					
*Coto Muiño	9.9	15.94	24.5	28	4.3	-1.6	12	251	27.8	24	-	88	100	64	-	-	-	4	46	24	-	19	3					
Fontecada	9.9	14.55	23.2	28	6.0	0.9	7	266	33.1	8	189	81	92	59	42	168	1496	12	65	15	969	19	0					
*Guísamo	11.9	16.8	24.5	20	7.9	3.6	5	146	21.4	25	-	74	88	53	-	-	-	3	34	9	992	16	0					
*Lesende	11.8	16.25	25.3	20	7.8	2.8	4	241	26.5	8	154	75	88	56	42	168	1517	4	48	8	992	19	0					
Lira	12.0	15.27	24.2	20	9.0	3.8	23	165	28.4	23	74	79	94	61	51	202	1686	23	93	25	-	16	0					
Mabegondo	11.5	17	25.0	20	5.9	0.9	12	116	17.9	25	34	85	99	62	46	183	1609	8	57	8	1001	15	0					
Malpica	11.3	14.8	21.9	14	8.3	3.9	5	128	23.3	23	68	96	100	80	48	190	1593	21	97	24	993	18	0					
Marco da Curra	8.4	12.75	21.3	28	4.9	0.0	5	149	23.2	25	79	83	96	64	40	161	1421	19	75	24	937	20	0					
Melide	9.9	15.97	25.3	29	4.8	0.9	5	201	30.1	7	118	80	95	55	42	170	1512	8	61	25	957	16	0					
Muralla	8.9	12.77	20.9	20	5.7	1.4	5	312	40.1	4	253	87	97	68	38	151	1228	23	85	8	935	21	0					
*O Val	12.3	16.75	22.7	14	7.9	4.0	12	134	20.9	5	-	79	92	60	-	-	-	5	48	6	1004	19	0					
Olas	9.9	15.1	22.6	29	5.6	1.2	7	193	26.0	25	119	85	100	60	43	174	1488	12	73	24	-	17	0					
*Ordes	10.5	16.28	25.5	29	5.0	-0.9	12	176	20.3	6	-	80	93	55	-	-	-	4	38	24	980	16	2					
*Paramos	10.2	14.84	23.8	28	6.2	1.2	7	266	28.0	6	-	90	99	69	-	-	-	10	61	24	969	20	0					
*Pazo de Galegos	11.8	17.01	25.4	28	7.2	2.3	7	203	34.3	7	119	85	98	61	43	172	1559	4	42	4	986	14	0					
Punta Candieira	11.2	14.21	19.7	14	8.8	4.6	5	95	12.4	17	14	81	96	62	45	180	1605	27	115	24	981	19	0					
Punta Langosteira	12.5	14.66	20.0	14	10.0	6.7	5	38	7.1	7	-	81	93	66	48	191	1560	20	86	24	1010	14	0					
Río do Sol	8.9	13.3	21.3	29	5.7	1.1	5	198	23.5	6	130	88	98	66	42	168	1559	19	74	24	949	20	0					
*Rus	11.5	16.59	22.7	29	6.6	1.3	12	144	19.4	6	-	86	98	63	-	-	-	4	44	25	996	15	0					
Sálvora	13.2	15.37	24.1	21	10.9	7.9	4	210	46.6	7	110	78	89	64	55	218	1833	24	110	25	-	17	0					
Santiago-EOAS	11.2	16.2	24.5	28	7.2	2.5	12	197	25.2	4	115	80	94	56	39	155	1499	13	89	25	982	17	0					
Santiago-San Lázaro	11.1	15.74	24.3	28	7.1	3.1	4	172	25.6	4	84	78	91	55	45	179	1593	10	66	25	976	16	0					
Sergude	11.4	16.84	24.8	20	6.7	1.2	4	180	25.1	7	-	81	96	56	37	149	1375	-	-	-	-	18	0					
Serra da Faladoira	8.8	12.79	19.6	29	5.6	1.1	5	206	27.5	25	138	86	100	66	43	174	1506	19	82	24	945	20	0					

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2019 Mes: 4

Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C				T ^a Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Lugo																												
A Pontenova	10.1	15.01	21.6	29	6.6	2.4	4	101	15.3	10	-	81	94	61	41	159	1524	16	92	24	-	-	-	-	17	0		
Abradelo	8.7	13.46	23.0	29	4.5	0.1	4	170	22.6	25	-	75	94	54	45	180	1608	-	-	-	-	-	-	-	17	0		
*Alto do Faro	7.8	12.5	21.2	28	3.8	-0.3	5	171	33.4	6	-	81	96	58	-	-	-	7	61	25	916	-	-	-	17	3		
*Alto do Poio	5.0	8.72	18.2	29	1.8	-2.9	3	253	48.4	25	-	82	94	65	-	-	-	8	61	19	-	-	-	-	19	10		
Ancares	5.2	9.24	19.3	29	2.0	-3.1	4	171	28.0	25	-	80	93	64	40	162	1549	19	98	24	859	-	-	-	17	12		
*Borreiros	11.4	16.28	21.9	14	6.5	2.6	4	149	24.3	25	76	84	99	62	41	166	1425	5	51	25	1004	-	-	-	18	0		
Bóveda	10.5	16.86	26.5	29	4.8	0.6	12	124	22.2	25	35	77	96	49	45	182	1627	7	56	25	962	-	-	-	16	0		
Burela	9.8	13.34	19.6	14	7.3	3.0	5	90	15.1	25	16	83	96	65	46	183	1583	17	90	25	-	-	-	19	0			
Campus Lugo	10.3	16.58	25.5	29	4.9	0.8	7	140	27.6	25	56	80	98	51	41	164	1571	6	66	24	965	-	-	-	16	0		
Castro R. de Lea	9.9	16.08	24.7	29	4.6	0.9	3	134	25.1	25	-	83	97	57	48	191	1657	-	-	-	963	-	-	-	17	0		
Conchada	9.7	15.81	25.9	29	4.9	-0.3	4	168	27.8	6	-	80	97	56	44	175	1630	-	-	-	-	-	-	-	17	2		
Corno do Boi	8.3	13.26	22.7	29	4.5	-0.1	5	226	34.2	6	152	83	96	60	42	168	1485	15	78	24	-	-	-	17	1			
Courel	8.7	14.06	24.3	29	4.2	-0.8	4	223	36.2	25	138	75	94	51	40	162	1520	9	100	17	923	-	-	-	17	3		
Fontaneira	7.0	11.26	20.7	29	3.5	-0.9	5	214	33.8	25	146	82	95	63	40	159	1407	19	95	24	900	-	-	-	16	6		
Foz	11.2	15.31	22.5	14	7.4	3.2	4	75	12.0	3	-9	80	92	63	46	184	1636	13	85	25	1004	-	-	-	18	0		
Fragavella	7.4	11.68	17.8	14	3.6	0.6	6	158	23.4	9	88	86	98	65	48	194	1640	16	85	25	943	-	-	-	18	0		
Guitiriz-Mirador	8.5	13.48	22.7	29	4.8	0.1	5	183	29.3	9	111	84	98	61	40	161	1425	11	62	24	933	-	-	-	17	0		
*Labrada	8.3	12.41	19.9	29	5.0	0.1	3	297	60.6	25	166	84	97	64	43	171	1529	11	61	25	-	-	-	19	0			
*Lanzós	9.0	14.73	23.6	29	-	-	12	165	31.2	9	-	82	96	59	-	-	-	4	96	27	957	-	-	-	18	-		
*Lourenzá	11.7	17.25	23.8	14	7.2	3.3	3	86	11.6	17	-	80	95	58	-	-	-	6	55	25	-	-	-	-	18	0		
Marroxo	9.9	15.02	24.4	29	5.6	1.5	4	115	19.6	25	31	77	94	53	44	175	1539	11	65	25	939	-	-	-	17	0		
*Millara	11.1	18.1	28.8	29	5.6	0.4	4	141	24.4	6	-	80	99	50	-	-	-	7	64	24	-	-	-	-	15	0		
Monforte	11.2	18.42	27.4	29	4.9	0.5	4	116	18.1	6	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	19	0		
*Morelle	10.1	16.58	25.3	29	4.0	0.6	7	117	16.6	6	41	83	100	54	38	153	1455	5	43	24	964	-	-	-	16	0		
O Cebreiro	4.9	10.43	21.4	28	1.0	-3.2	4	200	27.4	24	68	85	98	64	38	154	1475	8	45	6	865	-	-	-	17	15		
O Xipro	8.4	13.95	23.3	29	4.2	0.1	5	165	27.2	25	83	83	98	57	46	185	1633	12	68	24	921	-	-	-	17	0		
*Olveda	8.6	14.22	23.1	28	3.7	-0.8	7	170	38.2	6	90	81	96	56	43	171	1594	6	45	25	-	-	-	15	4			
Pedro Murias	12.1	15.7	23.1	14	8.7	5.6	4	62	10.3	10	-19	84	96	68	46	185	1586	12	78	25	1007	-	-	-	16	0		
Penedo do Galo	8.6	12.03	18.1	14	6.1	1.8	5	165	36.7	25	63	85	99	68	45	181	1550	28	111	25	-	-	-	19	0			
Pol	8.7	14.16	23.7	29	4.6	0.1	3	170	28.8	25	-	83	99	56	45	181	1597	-	-	-	937	-	-	-	17	0		
Portomarín	10.0	16.61	26.3	29	4.5	0.5	3	128	19.8	25	-	83	99	54	37	149	1366	-	-	-	961	-	-	-	16	0		
Riotorto	10.8	16.24	21.9	14	6.7	3.0	4	116	18.2	25	-	82	98	56	-	-	1791	8	78	25	-	-	-	18	0			
Sambreixo	9.2	15.01	23.6	29	3.8	-0.3	3	188	35.2	25	-	82	98	55	44	175	1531	-	-	-	-	-	-	-	17	2		
*San Clodio	11.5	18.58	28.3	20	5.4	1.7	4	137	23.6	6	-	79	100	46	-	-	-	3	36	24	982	-	-	-	16	0		
*San Fiz	10.7	16.26	25.4	29	5.7	1.1	4	130	18.3	7	47	78	96	53	40	161	1531	5	53	8	967	-	-	-	16	0		
Santa Cruz	11.5	16.65	23.0	14	6.8	2.3	16	130	21.9	25	-	80	97	56	-	-	1657	-	-	-	-	-	-	-	18	0		
Ventosa	7.8	12.97	22.8	29	3.3	-0.3	4	164	20.7	6	81	78	95	55	45	182	1615	12	74	25	908	-	-	-	18	4		
*Vilamor	11.6	16.43	22.8	14	7.4	3.4	3	93	14.1	9	-	74	87	53	44	175	1589	6	53	25	-	-	-	-	18	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2019 Mes: 4

Provincia Estación	T ^o C	T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada
*Xabrega	11.0	17.85	27.0	29	5.4	-0.2	4	190	33.5	6	99	77	96	46	42	169	1628	6	63	24	975	16	1

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2019 Mes: 4

Provincia Estación	T ^{ao} C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	hPa		Choiva	Xeada	
Ourense																										
A Mezquita	7.3	12.22	22.5	20	2.8	-2.1	4	221	32.0	7	137	76	92	56	44	176	1671	13	70	20	897	19	12			
*A Portela	11.5	18.17	27.6	20	5.9	1.3	12	148	25.6	6	55	73	97	43	43	174	1563	6	44	15	-	18	0			
*A Trabe	9.4	14.14	23.6	29	4.9	-0.2	4	204	34.5	9	116	74	89	54	44	176	1598	5	41	19	923	18	2			
Alto do Rodicio	7.2	11.85	21.2	29	3.4	-1.3	6	191	26.9	6	116	83	98	61	44	177	1602	15	74	24	901	19	4			
Amiudal	9.9	15.66	24.8	30	5.8	0.5	7	231	34.4	25	142	78	93	54	44	177	1641	12	87	25	948	18	0			
As Petarelas	10.2	16.3	26.3	20	4.7	-1.2	4	155	31.5	6	-	73	94	47	47	187	1662	-	-	-	-	18	2			
Baltar	8.0	13.94	22.8	29	1.7	-2.3	12	190	42.6	6	107	78	100	50	49	195	1723	10	65	24	921	18	7			
Cabeza de Manzaneda	2.3	5.2	15.0	20	-0.5	-5.9	5	127	24.7	6	--	86	97	71	46	184	1668	24	95	25	819	20	18			
*Calvos	7.1	13.25	22.9	29	0.8	-5.4	2	229	48.4	6	151	85	100	58	44	177	1637	9	71	24	-	18	11			
Casaio	5.5	9.65	19.3	29	1.9	-2.7	25	96	15.7	7	-	--	--	--	-	-	-	--	--	15	-	17	10			
*Corzos	6.0	11.34	21.6	20	1.3	-2.6	5	147	21.7	7	-	78	94	57	-	-	-	10	60	17	-	17	14			
Entrimo	9.2	14.88	25.7	30	4.7	-0.8	4	275	38.2	24	-	82	97	60	36	143	1464	-	-	-	-	19	1			
*EVEGA Leiro	11.9	20.05	29.4	20	5.3	-1.1	4	165	23.0	6	-	78	96	44	-	-	-	2	31	3	1001	17	1			
Gandarela	10.1	16.29	25.4	29	5.5	-0.2	4	155	32.3	9	67	80	95	56	46	183	1654	8	64	24	940	17	1			
Lardeira	3.4	7.32	17.4	29	0.2	-5.6	4	64	10.2	18	-4	83	95	65	44	176	1644	24	118	24	833	18	16			
*Larouco	10.9	16.84	26.3	20	5.4	1.5	6	76	21.9	6	-	64	85	41	-	-	-	4	43	24	952	18	0			
Laza	10.1	16.49	26.9	20	4.5	0.0	6	188	37.2	9	99	77	98	46	45	180	1624	6	64	24	-	16	1			
Monte Medo	9.8	15.36	24.5	20	4.6	0.3	2	185	42.0	9	-	76	96	49	41	166	1557	-	-	-	-	16	0			
O Invernadeiro	6.7	12.21	22.9	29	1.7	-1.9	11	329	56.8	25	251	79	96	57	42	167	1554	9	66	19	896	18	11			
Ourense	12.2	19.53	29.0	29	6.2	0.1	4	147	27.0	9	-	71	94	40	-	-	-	-	-	-	-	15	0			
Ourense-Estacións	12.9	19.98	29.2	30	7.3	1.3	4	144	24.9	25	46	72	92	40	45	180	1630	4	48	25	998	15	0			
*Pazo de Fontefiz	10.9	16.49	26.1	28	5.9	0.3	4	202	31.8	25	109	75	91	50	45	182	1649	5	38	25	965	16	0			
*Ponte Boga	10.9	16.69	25.7	29	5.6	1.5	7	122	30.6	6	24	66	85	42	43	172	1629	5	58	25	958	16	0			
*Prado	12.1	19.49	29.4	20	6.2	0.0	4	155	27.4	9	-	77	94	47	-	-	-	3	38	25	997	17	0			
Remuíño	11.8	20.02	29.9	30	5.7	-0.9	4	177	33.0	25	90	79	97	45	39	156	1503	5	47	3	-	17	1			
*Riós	8.9	13.79	23.5	20	4.4	-1.5	4	231	38.5	9	146	77	93	54	44	174	1603	6	40	3	-	18	3			
San Xoán de Río	7.1	11.85	21.2	20	3.0	-1.5	3	137	19.7	15	60	81	96	58	44	174	1615	15	82	24	895	18	7			
Serra do Eixe	6.1	10.53	20.1	20	2.2	-2.6	4	149	29.3	6	62	83	97	60	44	171	1566	17	97	17	874	18	10			
Verín-Vilamaior	10.7	16.64	26.1	29	5.0	0.6	6	161	25.8	6	58	74	93	49	45	179	1629	7	53	17	948	18	0			
Verín-Vilela	10.6	17.72	27.1	29	3.8	-1.4	12	142	26.8	9	35	77	97	47	46	185	1621	5	43	23	-	17	3			
Viana do Bolo	8.5	13.91	23.6	29	3.3	-0.6	11	126	17.6	6	40	76	94	53	44	177	1625	10	65	17	915	17	3			
Xares	2.6	5.98	16.8	20	-0.5	-6.0	4	102	12.6	15	42	86	97	72	43	171	1634	24	134	19	819	18	19			
Xinzo	9.3	15.07	24.1	28	3.4	-1.8	2	160	29.3	6	6	80	99	54	45	144	1674	10	75	23	942	17	4			
Xurés	7.3	11.86	21.5	30	3.3	-1.1	4	304	46.4	25	223	80	96	59	48	190	1735	18	86	24	893	20	5			

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2019 Mes: 4

Provincia Estación	T ^a C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m ²			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m ²	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m ²	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
Pontevedra																											
*A Armenteira	10.7	15.74	25.2	20	6.2	1.0	3	202	28.4	7	118	81	95	60	43	174	1590	7	65	25	-			-	17	0	
A Granxa	12.2	18.49	30.2	20	6.4	1.0	4	243	38.0	6	153	81	98	52	47	188	1648	4	56	25	1009			18	0		
A Lanzada	12.9	17.04	26.9	20	8.9	3.3	4	150	25.6	7	53	79	92	62	53	211	1743	17	83	25	-			16	0		
*Areas	12.5	19.31	29.6	20	7.5	1.8	4	230	28.6	6	-	80	95	54	-	-	-	1	30	24	-			-	18	0	
*Areiro	12.7	17.43	27.1	20	8.5	3.4	4	230	32.5	25	-	78	92	57	-	-	-	4	35	6	1004			17	0		
*As Eiras	12.7	17.7	28.4	20	7.8	2.5	4	183	22.8	9	90	80	96	56	50	200	1704	5	55	6	1008			19	0		
Atios	12.6	17.93	27.5	20	7.8	2.8	4	230	27.4	4	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	-			-	20	0	
Cabo Udra	13.0	16.69	25.1	20	9.9	6.3	4	179	28.7	7	83	80	92	64	51	202	1770	18	82	4	-			-	16	0	
Caldas de Reis	11.5	16.66	25.3	20	7.6	3.3	4	265	47.6	7	177	81	96	57	42	170	1600	8	61	25	982			18	0		
*Camanzo	11.6	17.16	25.4	20	6.7	1.1	4	174	30.7	7	66	79	94	55	42	167	1572	6	62	25	988			16	0		
Cangas-Porto	13.4	16.33	26.9	20	10.3	6.1	4	173	22.9	7	-	72	86	55	-	-	-	10	64	25	-			-	15	0	
Castro Vicaludo	10.4	13.51	23.7	20	7.4	3.4	5	185	31.2	4	105	82	96	65	45	179	1610	18	91	25	957			17	0		
Castrove	10.3	15.14	24.3	20	6.6	1.8	5	265	39.7	7	192	84	96	63	36	136	1454	9	75	20	962			18	0		
*Cequeliños	12.0	18.05	27.0	20	7.0	0.4	4	226	42.4	9	132	78	97	50	47	186	1666	8	52	24	-			-	18	0	
Corón	13.0	16.22	24.2	20	9.8	5.4	4	208	47.8	7	101	73	87	55	52	207	1802	17	86	25	1011			17	0		
*Entenza	12.4	18.43	28.8	20	7.1	0.9	4	224	31.4	4	138	82	99	55	39	155	1532	1	42	24	-			-	18	0	
Forcarei	8.9	13.91	22.0	29	4.8	0.2	5	283	35.7	25	--	81	99	56	--	--	1695	16	76	25	-			-	21	0	
Fornelos de Montes	9.3	13.13	23.4	20	6.1	0.6	5	388	49.2	7	308	80	94	63	41	165	1491	17	77	24	931			19	0		
Gargamala	11.9	17.79	28.3	20	7.3	2.6	4	250	29.0	25	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	-			-	20	0	
Illas Cíes	13.3	16.09	26.4	20	10.6	6.8	4	131	21.8	7	30	79	92	63	53	210	1796	15	82	6	-			-	16	0	
Lalín	9.5	14.6	23.7	28	5.0	0.6	5	172	35.4	6	-	80	95	55	-	-	-	10	69	25	-			-	16	0	
*Louredo	11.4	16.65	28.4	20	7.5	2.9	4	252	38.2	6	-	86	98	64	-	-	-	2	39	20	984			15	0		
Lourizán	12.7	17.7	28.4	20	8.3	2.7	4	196	25.1	25	108	82	98	59	42	167	1600	4	51	25	1007			17	0		
*Meder	12.6	18.49	29.0	20	7.8	2.3	4	243	29.0	24	-	71	87	47	-	-	-	3	34	8	995			19	0		
Monte Aloia	10.4	15.51	26.5	20	6.7	1.9	5	281	38.4	7	206	85	98	65	38	152	1460	9	65	25	956			18	0		
Mouriscade	9.4	15.56	24.3	28	3.4	-1.2	12	156	24.2	6	72	80	90	65	45	183	1646	7	74	25	954			17	3		
O Viso	11.8	18.09	28.6	20	7.5	2.2	4	242	37.9	7	155	80	95	58	42	170	1528	10	72	25	979			18	0		
Ons	12.4	15.5	25.2	20	9.6	6.6	5	150	23.2	7	55	81	92	67	57	228	1898	23	93	6	998			18	0		
*Pé Redondo	12.9	17.6	26.3	20	8.9	4.0	4	213	27.2	7	87	80	94	60	40	160	1422	3	52	8	-			-	18	0	
Pereira	8.6	13.61	21.6	20	4.4	0.0	5	293	40.6	25	-	86	99	64	44	175	1596	-	-	-	930			20	0		
*Ponte Caldelas	11.0	15.61	25.4	20	6.5	1.0	4	290	48.3	7	202	76	90	55	44	178	1566	9	69	25	971			18	0		
Pontevedra-Campolongo	13.5	19.43	29.5	20	8.8	4.3	4	206	27.8	25	-	75	94	50	-	-	-	3	47	25	-			-	17	0	
Queimadelos	11.5	17.72	28.0	20	7.6	2.6	5	290	34.6	25	--	79	92	58	25	99	1179	--	--	-	970			18	0		
Rebordelo	10.4	16.28	26.0	20	4.6	-0.2	7	297	41.6	9	-	84	100	56	43	172	1535	-	-	-	971			19	2		
San Nomedio	9.4	14.59	24.5	20	6.3	0.6	5	230	27.0	6	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	-			-	20	0	
Sanxenxo	13.3	17.47	27.9	20	9.5	5.4	4	154	23.4	7	59	74	90	55	46	184	1611	6	55	25	1009			16	0		
Serra do Faro	7.0	11.4	20.9	29	3.5	-0.8	4	195	26.2	25	124	82	94	65	39	158	1467	20	88	25	899			18	7		
*Simes	12.7	17.88	26.8	20	8.0	3.1	4	146	24.8	7	-	79	94	58	47	190	1682	-	-	-	-			-	16	0	

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2019 Mes: 4

Provincia Estación	T ^{ao} C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada	
*Soutomaior	12.3	17.32	28.3	20	8.3	3.4	4	233	33.5	25	-	73	88	52	-	-	-	3	35	25	992	18	0		
*Torrequeintáns	12.9	17.89	27.8	20	8.5	3.0	4	238	33.4	9	157	72	86	51	36	146	1102	6	56	24	1004	18	0		
*Tremoedo	12.6	17.19	26.5	20	8.3	2.5	4	219	38.2	7	-	78	94	56	-	-	-	4	52	25	1005	16	0		
Vigo	13.2	17.43	27.6	20	9.6	5.5	4	168	23.1	4	-	74	90	55	-	-	-	-	-	-	-	15	0		
Vigo-Campus	10.7	14.07	24.7	20	7.9	3.4	5	230	31.9	4	141	80	95	61	48	190	1677	9	61	6	959	16	0		
Xesteiras	8.5	12.16	20.6	20	5.4	0.6	5	256	54.4	7	-	85	97	68	-	-	-	25	89	8	-	19	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.